

Formulario de Preadmisión

Curso Superior de Chef en Cociña e Pastelería

Curso 2025-26 *Matrícula aberta ata o 25 de setembro*

CUMPRIMENTA TODOS OS APARTADOS E ENVÍA O FORMULARIO AO
CORREO: info.cshg@xunta.gal

1. Datos Persoais e de Contacto

Engadir foto aquí:

Nome

Apelidos

NIF/DNI/Pasaporte

Enderezo Electrónico

Teléfono Móbil

Data de Nacemento

Enderezo

Localidade

Provincia

Código Postal

País

2. Modalidade de Matrícula e Axudas ao Estudo

Modalidade de matrícula

Axudas ao estudo, bolsas e exencións

As exencións son as aplicadas por lei (familia numerosa, discapacidade, vítimas violencia doméstica ou de actos terroristas)

3. Acceso e Entrevista Persoal

Modalidade de acceso ao curso

Preferencia da entrevista persoal

4. Tratamento dos datos

LOPD

1. Responsable do tratamento

A Axencia Turismo de Galicia, en cumprimento da normativa de protección de datos informática que o tratamento dos seus datos persoais achegados de forma voluntaria neste momento, así como aqueles que se poñan de manifesto con posterioridade, serán incorporados ao sistema de tratamento da Axencia, cuxos datos son:

Denominación social: Axencia Turismo de Galicia.

Dirección: Estrada SANTIAGO - NOIA Km3, S/n. CP: 15897 – Santiago de Compostela- A Coruña.

Contacto do Delegado de Protección de Datos: <https://www.xunta.gal/delegados-de-proteccion-de-datos>

2. Finalidade do tratamento

Os datos persoais son recolleitos e tratados no ámbito da relación contractual, coa finalidade de realizar a xestión e seguimento das súas actividades académicas no Centro Superior de Hostalería de Galicia (CSHG) e a xestión das prácticas dos/as alumnos/as ou a continuidade de estudos na Unión Europea, coas entidades coas que o CSHG firme un convenio. Así mesmo, os seus datos poderán ser utilizados para o envío de información relativa ás actividades, produtos e servizos do CSHG, mesmo a través de medios electrónicos.

Ademais, os seus datos poderán ser utilizados para o envío de enquisas personalizadas durante a súa permanencia no Centro e posteriormente cando non estea vinculado ao mesmo, así como para a prestación de servizos de asesoramento en relación coas prácticas.

3. Igualmente, se nolo consente expresamente de forma previa, poderemos realizar a captación de imaxes e a gravación de vídeos durante a asistencia ás clases, cursos, prácticas ou actividades organizadas polo Centro, así como utilizar devanditos materiais con fins promocionais, mediante a publicación na nosa web, as nosas redes sociais, así como nas dos terceiros que organicen as actividades.

3. Lexitimación do tratamento

As bases legais para o tratamento dos datos solicitados son:

-A execución da relación contractual.

-O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes consistente na prestación do servizo público de educación superior de titulacións oficiais impartidas por un Centro adscrito á USC.

-O seu consentimento no caso do envío de enquisas ou cesión de datos para a prestación de asesoramento en relación coas prácticas, así como para a captación de imaxes e gravación de vídeos, coa súa posterior publicación en redes sociais propias e de terceiros. En todo caso, informámoslle que o tratamento para a finalidade principal de execución do contrato non está supeditado a estes consentimentos para o tratamento con finalidades adicionais.

4. Destinatarios

O alumno queda informado de que os seus datos serán comunicados á USC coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión do alumnado e a actualización da información e os contidos dos expedientes persoais do alumnado.

O alumno queda informado de que os seus datos poderán ser comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia coa finalidade de garantir unha maior transparencia.

O alumno queda informado da posibilidade de que os seus datos sexan cedidos ás empresas nas que vaian realizar as prácticas ou continuar os seus estudos. No caso de que a empresa coa que se asine o Convenio de prácticas estea situada fóra da Unión Europea o alumno autoriza a transferencia internacional dos seus datos.

Así mesmo, os seus datos serán cedidos á Asociación de Antigos Alumnos do CSHG para o asesoramento en relación coas prácticas.

5. Igualmente, o alumno queda informado da posibilidade de que os seus datos sexan cedidos a terceiras empresas que realicen actividades promocionais no centro, mediante cursos, catas, etc

5. Prazo de conservación

Devanditos datos serán conservados durante o tempo necesario para cumprir cada unha das finalidades e, posteriormente, conserváremoslos debidamente gardados e protexidos durante o tempo en que puidesen xurdir responsabilidades derivadas do tratamento, en cumprimento coa normativa vixente en cada momento. Unha vez prescriban as posibles accións procederemos á supresión dos seus datos persoais.

6. Dereitos dos alumnos/as

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo explicitase na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>.

Igualmente, informámoslle que ten dereito a interpoñer unha reclamación fronte á Axencia Española de Protección de Datos (<https://www.aepd.es>).

Data:

Documento válido firmado con firma electrónica
ou con firma manuscrita e escaneado

Firma do alumno/a :